



As mulleres no Sector TIC. Ano 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza
dispoñible en: <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción
2. Contextualización
3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia
 - 3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC
 - 3.2. O emprego no sector TIC galego dende unha perspectiva de xénero
 - 3.3. O emprego no Sector Contidos en Galicia dende unha perspectiva de xénero
 - 3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas
 - 3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas
4. Conclusións

1. Introducción



A inclusión das mulleres no sector das tecnoloxías é un requisito indispensable para impulsar as economías de todas as rexións, permitindo así un lugar de traballo máis igualitario.

A participación plena na Sociedade da Información por parte do xénero feminino virá da man do fomento de elementos prioritarios tales como as habilidades persoais, a educación para desenvolverse no mundo dixital e o emprendemento no ámbito web.

Obxectivos

- Contextualización da situación da muller europea no sector TIC
- Presentación de datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC en xeral e no Sector TIC e Sector Contidos en particular.
- Identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC, identificando as súas principais deficiencias.

Fontes de Información

- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas – OSIMGA 2016.
- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social (2014-2016)
- “Axenda dixital para Europa 2020”
- Eurostat



2. Contextualización

Segundo indica a Comisión Europea o sector das TIC está a medrar rapidamente, creando ao redor de 120.000 novos empregos cada ano.

Debido ás diferenzas nas demandas e nas aptitudes, pode existir unha falta de 900.000 traballadores cualificados nas TIC en 2020.

Só o 30% dos 7 millóns de persoas que traballan no sector da información e a comunicación (TIC) son mulleres.





A falta de mulleres graduadas en TIC (hoxe en día 29 de cada 1000 mulleres graduadas teñen un grao de informática), fai pensar que é necesario inverter esta tendencia, alentando aos mozos, e en particular ás mulleres, a emprender carreiras relacionadas con STEM / TIC.


Nota: STEM: siglas correspondentes a “*science, technology, engineering y mathematics*”

Formación TIC

Os grados incluídos nas especialidades STEM (Enxeñaría e Arquitectura), foron no curso 2015-2016 a segunda rama con maior oferta de prazas de Grao.


Nunha comparativa a nivel territorial, Galicia ofertou unha maior porcentaxe de prazas no ámbito STEM que o total do territorio nacional; propiciando así a formación neste sector.

Oferta de Prazas de Grao en U.Públicas. Curso 2015-2016



Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones. Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Evolución de estudiantes matriculados/as en especialidades Informáticas



Fonte: S.G. de Coordinación e Seguimento Universitario. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.


Segundo os datos ofrecidos polo Ministerio de Educación, cabe salientar a porcentaxe de homes matriculados en especialidades informáticas, aínda que menos manifesta na Comunidade Galega respecto á media estatal.



Analizando a porcentaxe de titulados/as nas especialidades informáticas segundo o sexo, a porcentaxe de mulleres que remataron unha formación informática aumenta respecto á porcentaxe de matriculados/as.

A fenda de xénero continúa sendo ampla, aínda que os datos autonómicos ofrecen unha visión máis positiva que os acadados a nivel estatal.

Evolución de estudantes titulados/as en especialidades Informáticas



Iniciativas

Neste contexto, dende a Comisión Europea apostan por apoiar especificamente a presenza das mulleres en tres ámbitos:



Educación. Iniciativas

EU Code Week

A Code Week é unha plataforma que ten como obxectivo a formación das persoas en materia de programación. A EU Code Week é unha iniciativa levada a cabo por voluntarios, que busca a participación das mulleres e as nenas nas tecnoloxías dixitais, mellorando as súas competencias a través das múltiples actividades que se ofrecen, tales como seminarios, clases dedicadas, campañas de iniciación, etc.

Changing The Game for Girls in STEM

O “Changing the game for girls in STEM” é un libro branco que mostra as mellores prácticas e leccións para propiciar a inclusión das rapazas no ámbito dixital, sempre dende una perspectiva lúdica e motivadora.

Opening Up Education

O “Opening Up Education” está conformado por una serie de políticas que teñen como principal fin a modificación da educación europea, aproveitando os beneficios considerables que a revolución dixital pode ofrecer. A implantación de novas modalidades educativas como os Open Education Ressources ([OER](#)) ou Massive Open Online Course ([MOOCs](#)), aumentará a eficacia da educación, o coñecemento será máis accesible para todos/as, e as persoas terán acceso a novas oportunidades de aprendizaxe, mediante a redución dos custos e un mellor acceso aos servizos dixitais.

Espírito empresarial. Iniciativas

European Network of Women Web Entrepreneurs Hubs

O WeHubs é a primeira comunidade europea que se encarga de ofrecer apoio a mulleres empresarias no sector dixital. Esta axuda vén dada en forma de tutorización e conexión dos distintos ecosistemas empresariais, estando lidaerada pola iniciativa European Network of Women Web Entrepreneurs Hubs.

eSkills for Jobs

A Comisión Europea, consciente da gran necesidade de perfís dixitalis na sociedade actual, pretende concienciar sobre as oportunidades que ofrecen as habilidades dixitalis para o emprego e a empleabilidade a través da plataforma eSkills for Jobs.

Enterprising Women in Tech by WeHubs

O evento que tivo lugar o 17 de novembro de 2016, pretendeu mostrar as mellores prácticas procedentes de organizacións que promoven o espírito empresarial feminino.



Investigación e innovación. Iniciativas

Girls in ICT Day

O cuarto xoves de abril de cada ano dáse lugar esta cita, na que o obxectivo principal é a inclusión das mulleres novas e as nenas no mundo tecnolóxico, a través de diversas actividades relacionadas coas TIC.

EU Prize for Women Innovators

En conmemoración do día Internacional da Muller, a Comisión Europea, xunto coa Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero do Parlamento Europeo, outorga os premios a doce mulleres destacadas que levaron as súas ideas innovadoras ao mercado dunha maneira exitosa.

Startup Europe

O principal obxectivo desta iniciativa é reforzar a contorna empresarial dos do ámbito TIC, para que as ideas e empresas tecnolóxicas poidan comezar e crecer na UE. Os startups das TIC poden acceder a servizos de apoio como asesoramento, creación de redes e asistencia xurídica, de proxectos financiados pola UE no Startup Europe Club One Stop Shop.



3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia

3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC

3.2. O emprego no sector TIC galego desde unha perspectiva de xénero

3.3. O emprego no Sector Contidos en Galicia dende unha perspectiva de xénero

3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas

3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas

3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo. Ano 2016

O Sector Contidos é o ámbito tecnolóxico no que as mulleres contan cunha maior representación, acadando o 41,3%, e situando así a fenda de xénero por baixo do 20%. No caso do sector TIC, a porcentaxe de mulleres sitúase no 32,9%.

De maneira global a porcentaxe de mulleres traballadoras no Hipersector TIC é do 34,9%, o que supón un total de 7.422 mulleres.

	% de mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	32,9%	34,3 puntos
Sector Contidos	41,3%	17,4 puntos
Hipersector TIC	34,9%	30,2 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo. Evolución 2014-2016

Ano 2014


	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	33,4%	66,6%
Sector Contidos:	40,7%	59,3%
Hipersector TIC:	35,3%	64,7%

Ano 2015

	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	33,1%	66,9%
Sector Contidos:	41,5%	58,5%
Hipersector TIC:	35,1%	64,9%

Ano 2016

	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	32,9%	67,1%
Sector Contidos:	41,3%	58,7%
Hipersector TIC:	34,9%	65,1%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A afiliación á Seguridade Social no Hipersector TIC incrementouse no último ano en 526 persoas (un 2,5%).

En canto ao número de mulleres que accederon ao Hipersector TIC, o incremento fíxose patente tanto no Sector TIC (2,1%) como no Sector Contidos (1,7%).

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime. Evolución 2014-2016

Ano 2014			Ano 2015			Ano 2016		
	% Mulleres	% Homes		% Mulleres	% Homes		% Mulleres	% Homes
R.xeral:	37,2%	62,8%	R.xeral:	37,1%	62,9%	R.xeral:	36,9%	63,1%
Autónomas:	28,2%	71,8%	Autónomas:	27%	73%	Autónomas:	26%	74%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

O nivel de emprego no Hipersector TIC experimentou un crecemento, principalmente, grazas aos afiliados/as ao Réxime Xeral, que se incrementaron nun 4%. Pola súa banda, as mulleres aportaron 222 traballadoras máis ao Réxime Xeral, situando a porcentaxe nun 36,9%.

3.2. O emprego no SECTOR TIC galego desde unha perspectiva de xénero




Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC

Evolución 2011-2016

O número de mulleres afiliadas á Seguridade Social no Sector TIC aumenta o seu número absoluto, acadando no ano 2016 as 5.292 afiliadas, o que representa o 32,9% das traballadores/as do sector TIC, manténdose a fenda de xénero en valores similares ao ano anterior.

	Mulleres	Homes
ANO 2011:	38,6%	61,4%
ANO 2012:	38 %	62,0%
ANO 2013:	37,7%	62,3%
ANO 2014:	33,4%	66,6%
ANO 2015:	33,1%	66,9%
ANO 2016:	32,9%	67,1%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por réxime. Evolución 2014-2016

Ano 2014		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	35,2%	64,8%
Autónomas:	27,4%	72,6%

Ano 2015		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	34,9%	65,1%
Autónomas:	25,9%	74,1%

Ano 2016		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	34,8%	65,2%
Autónomas:	24,9%	75,1%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No último ano, o ascenso de traballadores/as do sector TIC no Réximen Xeral foi notable (un 4,5%). No caso das mulleres, o incremento foi dun 4%, aportando 174 traballadoras novas.


Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por subsectores económicos

Ano 2016

O subsector das Telecomunicacións é o que conta cunha maior porcentaxe de mulleres, acadando o 36,8% de traballadoras femininas.

Por riba do 30% de persoal feminino tamén se sitúan as empresas adicadas ás Manufactureiras TIC e ás Actividades Informáticas.

% de mulleres	
1. Manufactureiras TIC:	34,5%
2. Telecomunicacións:	36,8%
3. Actividades informáticas:	32,6%
4. Comerciais TIC:	28,7%
5. Outros servizos TIC:	29,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A continuación, desglosase os datos de cada un dos cinco subsectores económicos que conforman o **SECTOR TIC**

1. Manufactureiras TIC
2. Telecomunicacións
3. Act.informáticas
4. Comerciais TIC
5. Outros servizos TIC



1. Manufactureiras TIC

Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016

% de mulleres


CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos: 34,0%

CNAE 262: Fabricación de ordenadores: 12,0%

CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións: 38,2%

CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo: Sen datos (*)

TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC: 34,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

2. Telecomunicacións

Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016

% de mulleres


CNAE 611: Telecomunicacións por cable: 37,8%

CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos: 24,5%

CNAE 613: Telecomunicacións por satélite: Sen datos (*)

CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións: 31,9%

TOTAL TELECOMUNICACIÓNS: 36,8%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

3. Actividades informáticas


Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016

% de mulleres

CNAE 620: Actividades de programación o consultaría: 32,8%

CNAE 631: Procesos de datos: 28,2%


TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS: 32,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

4. Comerciais TIC

Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

5. Outros servizos TIC


Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016

% de mulleres

CNAE 582: Edición de videoxogos: 28,1%

CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos: 29,8%

TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC: 29,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

3.3. O emprego no SECTOR CONTIDOS en Galicia desde unha perspectiva de xénero




Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos

Evolución 2011-2016

O Sector Contidos, un ano máis, é o que rexistra unha maior paridade entre homes e mulleres, aínda que a balanza continúa a favor do xénero masculino.

A porcentaxe de mulleres neste sector sitúase no 41,3%, manténdose en porcentaxes similares ao ano anterior.

	Mulleres	Homes
ANO 2011:	42,4%	57,6%
ANO 2012:	41,2 %	58,8%
ANO 2013:	41,4%	58,6%
ANO 2014:	40,7%	59,3%
ANO 2015:	41,5%	58,5%
ANO 2016:	41,3%	58,7%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime. Evolución 2014-2016

Ano 2014		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	42,3%	57,7%
Autónomas:	31,5%	68,5%

Ano 2015		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	43,3%	56,7%
Autónomas:	31,6%	68,4%

Ano 2016		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	43,2%	56,8%
Autónomas:	30,3%	69,7%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

De xeito similar ao Sector TIC, a fenda de xénero é superior no ámbito dos emprendedores (autónomos/as) que no caso do réxime xeral.

É destacable que no Sector Contidos, a presenza de mulleres emprendedoras é 5,4 puntos porcentuais superior ás emprendedoras do Sector TIC.

A continuación, desglósanse os datos de cada un dos dous subsectores económicos que conforman o **Sector Contidos** por CNAE - 2009

1. Edición de libros e actividades relacionadas con: cine, TV e son
2. Medios de información



1. Edición de libros e actividades relacionadas con: cine, TV e son

Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016


% de mulleres

CNAE 581: Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais: 43,3%

CNAE 591: Actividades cinematográficas, de vídeo e de programación de televisión: 41,2%

CNAE 592: Actividades de gravación de son e edición musical: 11,8%

TOTAL EDICIÓN DE LIBROS E ACTIVIDADES RELACIONADAS CON CINE, TV E SON: 42,1%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de información

Desglose por CNAE –2009
Afiliações á Seguridade Social. Ano 2016


% de mulleres

CNAE 601: Actividades de radiodifusión: 40,7%

CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión: 38%


CNAE 639: Outros servizos de información: 43,9%

TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN: 39,9%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas



Titulación do persoal segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2016


Mentres que o 29,2% dos traballadores do sector TIC son homes que contan con formación TIC de grao medio ou superior, só o 8,5% dos traballadores son mulleres que dispoñen da mesma formación académica.

Tamén cabe salientar a significativa fenda existente nos ciclos formativos superiores TIC: 19% de homes fronte a tan só un 4,5% de mulleres.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con titulación TIC superior



Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con titulación TIC media




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2016


Ao redor de unha de cada catro empresas TIC galegas ten empregada algunha muller con titulación TIC superior ou media, concretamente:

- Un 17,4% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación superior TIC
- Un 7,2% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación media TIC

Empresas TIC que contan no seu persoal
con mulleres con Ciclos Formativos
Superiores TIC



Empresas TIC que contan no seu persoal
con mulleres con Ciclos Formativos
Medios TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as


Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2016

Practicamente o 20% das empresas TIC galegas, teñen contratadas a mulleres con algún tipo de Ciclo Formativo TIC, sendo esta unha porcentaxe inferior ao de empresas TIC que contan con mulleres con formacións universitarias relacionadas coas novas tecnoloxías.


3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas



Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal



Empresas TIC nas que máis da metade do persoal son mulleres




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2016

O 61,5% de empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal, aínda que á hora de analizar o peso que supón o sexo feminino dentro do seu persoal, unicamente no 11,2% das empresas TIC as mulleres representan máis da metade dos seus traballadores.

Funcións desenvolvidas segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2016

A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio. Así, só o 13% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 49,3% dos homes.


En relación ao persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (12,1%) é só 1,7 puntos inferior á dos homes (13,8%)

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Distribución media do persoal en I+D+i segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2016

O 18,6% de empresas TIC galegas contan con mulleres en postos dirección, a mesma porcentaxe que se acadou no ano 2015.

No ámbito de I+D+i, a maioría masculina é evidente, rexistrándose unha fenda de xénero de 73,4 puntos porcentuais.

4. Conclusiones



A porcentaxe de mulleres traballadoras no Hipersector TIC incrementouse nun 2% no último ano

As mulleres representan un 34,9% dos traballadores do Hipersector TIC, o que supón 7.422 mulleres afiliadas á Seguridade Social neste sector.

O incremento no número de mulleres que traballan no Hipersector TIC respecto ao ano 2015 tivo lugar tanto no Sector TIC (2,1%) como no Sector Contidos (1,7%).

O Sector Contidos é o ámbito tecnolóxico no que as mulleres contan cunha maior representación, acadando o 41,3%, e situando así a fenda de xénero por baixo do 20%. No caso do sector TIC, a porcentaxe de mulleres sitúase no 32,9%.

No caso concreto do Sector TIC, o número de mulleres afiliadas á Seguridade Social aumenta no seu número absoluto respecto ao ano 2015, acadando as 5.292 afiliadas, o que representa o 32,9% dos traballadores/as do sector TIC.

Nos distintos subsectores que abrangue o Sector TIC obsérvase que son as Telecomunicacións as que acadan unha maior porcentaxe de traballadoras femininas, situándose no 36,8%.

Atendendo ao réxime da Seguridade Social, cabe salientar que no último ano o ascenso de traballadores/as do sector TIC no Réximen Xeral foi notable (un 4,5%). No caso das mulleres, o incremento foi dun 4%, aportando 174 traballadoras novas.

**No Sector CONTIDOS
rexístrase a maior
porcentaxe de mulleres
dentro do Hipersector TIC,
cun 41,3%**

O Sector Contidos, un ano máis, é o que rexistra unha maior paridade entre homes e mulleres, aínda que a balanza continúa a favor do xénero masculino.

A porcentaxe de mulleres neste sector sitúase no 41,3%, manténdose en porcentaxes similares ao ano anterior.

De xeito similar ao Sector TIC, a fenda de xénero é superior no ámbito dos emprendedores (autónomos/as) que no caso do réxime xeral.

É destacable que no Sector Contidos, a presenza de mulleres emprendedoras é 5,4 puntos porcentuais superior ás emprendedoras do Sector TIC.

FORMACIÓN

Mentres que o 29,2% dos traballadores do sector TIC son homes que contan con formación TIC de grao medio ou superior, só o 8,5% dos traballadores son mulleres que dispoñen da mesma formación académica.

Tamén cabe salientar a significativa fenda existente nos ciclos formativos superiores TIC: 19% de homes fronte a tan só un 4,5% de mulleres.

PERSOAL

O 61,5% de empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal, aínda que á hora de analizar o peso que supón o sexo feminino dentro do seu persoal, unicamente no 11,2% das empresas TIC as mulleres representan máis da metade dos seus traballadores.

ROLES

A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio:

- Só o 13% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 49,3% dos homes.
- En relación ao persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (12,1%) é só 1,7 puntos inferior á dos homes (13,8%)
- O 18,6% de empresas TIC galegas contan con mulleres en postos dirección, a mesma porcentaxe que se acadou no ano 2015.

I+D+i

A preponderancia do sector masculino no persoal adicado a I+D+i é patente: Un 86,7% dos traballadores adicados a I+D+i son homes fronte ao 13,3% de mulleres.

Propostas de igualdade



Impulso das oportunidades para as mulleres dentro do sector TIC e apoio ás empresas que propicien a redución da fenda de xénero



Accións que transformen a visión das carreiras tecnolóxicas, e as fagan máis atractivas para o xénero feminino



Recoñecemento das iniciativas femininas no ámbito TIC, a nivel tanto autonómico como nacional

